

Obxectivos:

O control eficiente do cumprimento da normativa vixente nos centros de servizos sociais resulta esencial dada a incidencia e relevancia que o desenvolvemento destas actividades ten nos seus usuarios/as, tendo en conta súas condicións de especial vulnerabilidade e necesaria protección.

A actividade diaria do persoal de inspección de servizos sociais relacionada co control do cumprimento da normativa nos centros prestadores de servizos sociais require información respecto ao valor xurídico das actas de inspección, o procedemento administrativo sancionador, os traslados de información ao Ministerio Fiscal ou a outros organismos, a interpretación da norma etc.

Esta actividade pretende dar a coñecer e clarificar os diversos aspectos do desenvolvemento da actividade inspectora para o que o persoal docente facilitará a participación activa do alumnado na exposición de dúbidas, o fomento do debate e a exposición de casos prácticos.

Convocatoria:

DOG núm. 212, do 4 de novembro de 2021.

Lugar de desenvolvemento:

Escola Galega de Administración Pública.
Rúa Madrid, 2-4. Santiago de Compostela.

Información:

Teléfonos: 981 546 239 / 981 546 241

Correo: novas.egap@xunta.gal

Web: egap.xunta.gal

Matrícula: egap.xunta.gal/matricula

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

CURSO DE INSPECCIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS

Santiago de Compostela,

15, 16, 22 e 23 de novembro de 2021



Luns 15 de novembro

09:30 h. - 13:30 h. **O procedemento sancionador en materia de servizos sociais.** Normativa legal de referencia. Fase previa do procedemento: especial referencia as actas da inspección. A adopción de medidas cautelares.

Natalia Solar Jimeno. Letrada da Xunta de Galicia. Asesoría Xurídica do Servizo Galego de Saúde.

Martes 16 de novembro

09:30 – 13:30 h. **O impacto da Lei 8/2021, do 2 de xuño, pola que se reforma a lexislación civil e procesal para o apoio ás persoas con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica. A Convención de Dereitos das Persoas con Discapacidade (CDPD).**

A Lei 8/2021, do 2 de xuño, pola que se reforma a lexislación civil e procesal para o apoio ás persoas con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica (LAPD). Sentido e significado da lei. Concepto de capacidade xurídica tras a reforma. O novo sistema de provisión de apoios. As medidas de carácter voluntario. As medias xudiciais. Procedemento xudicial de provisión de apoios. O novo réxime de responsabilidade. Outros cambios legislativos. Disposicións transitorias.

María Eugenia Torres Costas. Doutora en Dereito. Avogada. Xestora de entidades sociais. Formadora. Membro do equipo de investigación *De conflictu legum* da Universidade de Santiago de Compostela (USC).

DIRECTORA ACADÉMICA DO CURSO:**Mercedes Cardelle Espasandín.**

Subdirectora xeral de autorización e inspección de servizos sociais.

NOTA:

Por motivos alleos á EGAP, este programa pode sufrir algunha variación.

As actualizacións pódense consultar na páxina web da Escola: egap.xunta.gal**Luns 22 de novembro**

09:30 h. - 10:30 h. **A tramitación do procedemento sancionador: inicio, instrución e resolución sancionadora.**

Natalia Solar Jimeno.

10:30 h. - 11:30 h. **Incidencia da LAPD en centros de atención socio-sanitaria. Referencia á reforma introducida pola Lei Orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección á infancia e a adolescencia fronte á violencia.**

Apoio á capacidade xurídica das persoas con discapacidade residentes en centros: O posible modelo ETC.

María Eugenia Torres Costas.

11:30 h. - 13:30 h. **A relación entre Dereito e moral. Perspectiva material: contidos e fins. Perspectiva metodolóxica: argumentación, interpretación e aplicación.**

José Antonio Seoane Rodríguez. Catedrático de Filosofía do Dereito. Universidade da Coruña (UDC).

Martes 23 de novembro

09:30 h. - 13:30 h. **Aspectos sanitarios dos centros de servizos sociais. Valoración xeriátrica e características da persoa xeriátrica. Valoración desde a esfera clínica. Anamnese. Exploración física. Probas complementarias. Exploracións complementarias. Valoración nas áreas funcional mental e social.**

Medidas de suxeición físicas e químicas. Contidos mínimos da prescrición. Abusos. Marco conceptual. Suxeicións/contencións/restricións mecánicas e físicas. Suxeicións/ contencións/restricións farmacolóxicas ou químicas. Antecedentes e actualidade. Indicación de suxeicións mecánicas. Complicacións de suxeicións mecánicas e químicas. Uso inapropiado das suxeicións. Prescrición das suxeicións e consentimento informado.

José Manuel Pazos Seco. Presidente da Asociación Galega Residencias Privadas da Terceira Idade (AGARTE).